Locucións e enunciados fraseolóxicos. Un límite difuso

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA
Universidad de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

A primeira gran división que adoita establecerse no campo dos fraseoloxismos permite distinguir entre enunciados e locucións. Segundo as caracterizacións tradicionais, son *enunciados* aquelas unidades directamente dispoñibles para o seu uso no acto comunicativo, as cales non necesitan combinarse con elementos do discurso libre, e son *locucións* aquelas expresións que precisan integrarse en cadeas máis amplas para constituír un acto de discurso. Así, por exemplo, Zuluaga sinala:

> Vamos a considerar dos grandes grupos de unidades fraseológicas: (1) Las que pueden constituir por sí mismas enunciados completos, es decir, no requieren un contexto verbal immediato para constituir una expresión de sentido completo en el habla; y (2) las que requieren contexto verbal immediato [...], es decir, se combinan con otros elementos en el interior de la frase. A las primeras las vamos a llamar enunciados fraseológicos y a las segundas las llamamos (con Casares) locuciones (1980: 139).

O obxectivo desta comunicación é o estudio das expresións situadas na fronteira entre os dous tipos de unidades. Analizaremos, en primeiro lugar, expresións que, sen responder á caracterización tradicional das locucións, parecen necesitar esta etiqueta ó considerármo-lo seu funcionamento e significado. A reflexión sobre estas unidades conduciranos a reformula-las definicións de locucións e enunciados. A continuación estudiaremos algúns exemplos de transvasamento de unidades dun campo ó outro e, finalmente, presentaremos un novo tipo de expresións: as locucións fórmula. Pero antes de abordar estes tres aspectos, coidamos necesario presentar unha caracterización máis ampla do grupo das locucións e, en especial, dos enunciados.

2. TIPOS DE UNIDADES FRASEOLÓXICAS. CARACTERIZACIÓN

Como sinalamos, e segundo as caracterizacións tradicionais, as *locucións* son aquelas unidades fraseolóxicas que non están directamente dispoñibles para ser empregadas no discurso, xa que necesitan combinarse con outros elementos para constituír un acto de fala. As locucións adoitan clasificarse de acordo con criterios funcionais. Así, as substantivas (*visto e prace*) realizan a función propia dos substantivos (Nuc. dunha frase nominal), as adxectivas (*feito e dereito*) desempeñan as funcións propias dos adxectivos (Mod., Atrib. e Pvo.), etc. De acordo con tales criterios, distínguese entre locucións substantivas, adxectivas, adverbiais (*ó chou*), verbais (*toma-lo pelo*), preposicionais (*a carón de*) e conxuntivas (*posto que*).

Desde o punto de vista do seu funcionamento global e do seu significado, as locucións poderían poñerse absolutamente en paralelo coas unidades monoverbais das que toman a etiqueta categorial. O modo de significar de verbos e locucións verbais, por exemplo, (significado léxico) é o mesmo, como tamén o é o de conxuncións e locucións conxuntivas (significado gramatical). Hai plena coincidencia funcional e semántica (no relativo ó modo de significar) entre as locucións e as unidades monoverbais que se toman como referente na denominación daquelas.

Como sinalamos, os *enunciados* son aquelas unidades fraseolóxicas que están directamente dispoñibles para ser usadas nun acto de fala, de xeito que non necesitan combinarse con outros elementos para aparecer no discurso[1]. Fronte ás locucións, os enunciados clasifícanse de acordo con criterios semánticos e pragmáticos.

Os *refráns* son enunciados anónimos que encerran un valor de verdade xeral, isto é, unha verdade (unha idea completa concibida como verdade) válida para todo tempo e lugar[2]. Para Arnaud (1991: 16-18), os refráns teñen tres tipos de significado:

1. *Significado proposicional*: a verdade xeral.
2. *Significado referencial*: o tipo de situación no que o refrán é enunciado.
3. *Significado pragmático*: a intención coa que se enuncia o refrán, o seu valor comunicativo, funcional.

Vexámo-la distinción cun exemplo concreto: *o falar non ten cancelas.*

1. *Significado proposicional*: 'o falar é libre, falando pódese chegar a dici-lo que se queira, mesmo o máis desatinado, inxusto ou errado'.
2. *Significado referencial*: 'dise tras oír algo desatinado, inxusto ou errado'.
3. *Significado pragmático*: 'serve para reprender a alguén, presente ou non'.

As *fórmulas* serían, na nosa clasificación particular, enunciados anónimos con significado pragmático e/ou referencial, pero carentes de significado proposicional. Así, por exemplo, cando fala a persoa menos adecuada para falar (significado referencial), e coa intención de censurar suavemente esa acción (significado pragmático) alguén utilizará a fórmula *¡saltou Pedro do valado!*, cando unha persoa acerta por casualidade (significado referencial), e coa intención de negar xocosamente os seus méritos (significado pragmático), poderá usarse a fórmula *o meu can pillou unha mosca, ¿cando pillará outra?*, cando polas mañás se ve a alguén por primeira vez no día (significado referencial) e coa intención de saudar a esa persoa (significado pragmático), dirase *¡bos días!*... Estas unidades posúen, como vemos, significado referencial e pragmático, pero carecen de significado proposicional. Adaptando a proba que propón Arnaud (1991: 10) para verifica-la existencia do valor de verdade xeral e aplicándoa, máis xenericamente, para determina-la existencia de significado proposicional, observamos que as unidades que acabamos de presentar carecen del. Así, podemos facer precede-los refráns do introductor "isto é verdade":

Isto é verdade: *o falar non ten cancelas.*
Isto é verdade: *quen ten rabo de palla, sempre pensa que llo queiman.*

Podemos introducir tamén, do mesmo xeito, enunciados construídos libremente:

---

[1] Só consideraremos aqueles enunciados de estructura igual ou inferior á oración.

[2] Isto non quere dicir, por suposto, que os refráns non poidan referirse a un lugar ou a un tempo concretos (*mentres auga teña o Miño, no Ribeiro non faltará o viño; marzo chegar, tempo de enxertar*), senón que as verdades relativas a eses tempos e lugares son verdades sempre, en todo momento e lugar.

Isto é verdade: *Colón descubriu América.*

Pero esta posibilidade está vedada para as fórmulas, como se observa a seguir:

*Isto é verdade: *¡saltou Pedro do valado!*
*Isto é verdade: *o meu can pillou unha mosca, ¿cando pillará outra?*
*Isto é verdade: *¡bos días!*

Nos dous primeiros exemplos a combinación é válida se o que consideramos é o sentido literal das expresións, pero nese caso xa non trataríamos con fórmulas, senón con enunciados libres como *Colón descubriu América.*

As fórmulas clasifícanse segundo o seu valor pragmático: fórmulas de desculpa (*con perdón*), de saúdo (*¡boas tardes!*), de agradecemento (*miña beizón*), de indiferencia (*¡déixao regar!*), fórmulas emocionais (*¡arre demo!*)... Noutros casos, o valor pragmático é menos preciso. Trátase de expresións usadas sobre todo cun fin humorístico e nas que a primeira finalidade é a de identificar e caracterizar un tipo de situación. Así, o significado que as define é o referencial: *¡a lúa está no couce!* 'dise cando algúen esaxera', *non píse-lo sapo* 'dise ós que se erguen tarde de máis'.

Algúns autores distinguen entre fórmulas e outro tipo de enunciados (enunciados frásticos lexicalizados de valor específico para Arnaud, 1991; enunciados de valor específico para Corpas Pastor, 1996). As primeiras dependerían, para a súa aparición no discurso, dunha situación comunicativa precisa (un intercambio conversacional segundo Arnaud, *íb*) mentres que os enunciados de valor específico serían textualmente autónomos. Tal distinción, fundamental para o estudio doutros aspectos, non nos interesa aquí agora e resulta ademais, en moitas ocasións, algo difusa. Nós falaremos en calquera dos casos, haxa ou non dependencia textual, de fórmulas.

Os enunciados que comparten cos refráns tódalas características excepto a de seren anónimos son os *aforismos*: *o home é un lobo para o home*, mentres que os que comparten coas fórmulas tódolos trazos caracterizadores salvo o do anonimato son as *citas*: *o meu reino por un cabalo; cheguei, vin, vencín*. Os *eslogans*, por outra banda, son citas ou aforismos que teñen un fin publicitario ou didáctico vencellado coa promoción dunha institución, un producto, unha persoa...

3. *CHOVER SOBRE MOLLADO*. ¿LOCUCIÓN OU ENUNCIADO?

Unha vez caracterizados os dous grandes grupos de fraseoloxismos, cómpre examinar unha serie de expresións que, en principio, parecen compartir trazos de ámbalas dúas clases. Repárese en unidades como estas: *haber zocas alleas debaixo da cama* ('estar presente xente que non debe oír aquilo do que se fala'), *haber gato encerrado* ('haber algo sospeitoso'), *chover sobre mollado* ('ocorrer algo que agrava as dificultades que xa existían'), *non chega-lo sangue ó río* ('non ter unha disputa consecuencias graves'), *esta-la sorte botada* ('estar decidido o destino de alguén'), *non esta-lo tamborileiro para gaitas* ('non ser ocasión de bromas, de pedir favores').

Estas unidades comparten cos enunciados o feito de non precisar combinarse con outros elementos para aparecer no discurso. Así, podemos dicir simplemente *chove sobre mollado* ou *estaba a sorte botada*. Pero, a diferencia daqueles, estas unidades non están directamente dispoñibles para ser empregadas no discurso, pois necesitan adaptarse a el mediante a conxugación do verbo. Isto implica, ademais, que tales expresións presentan variación persoal e modo-temporal, fronte á fixación nunha persoa, tempo e modo concretos característica dos enunciados: *tanto* ten *xabón coma fío negro* ('expresa indiferencia'). Esta posibilidade de variación nada ten que ver, por suposto, coas adaptacións ó discurso que sofren alguns enunciados fraseolóxicos cando van introducidos por un verbo de lingua ou semellante: *díxome que tanto tiña xabón coma fío negro*. Se se suprime o verbo

introductor, a formulación realizarase necesariamente en presente, fronte ó que sucede coas expresións que citamos arriba.

Por outra banda, se consideramos tales unidades como enunciados (así o fai Corpas Pastor, 1996 ou Zuluaga, 1980, este último, cando menos, en relación á expresión *llover a cántaros*), ¿de que tipo de enunciado se trata? Non podemos dicir que *haber roupa tendida* ou *chover sobre mollado* son refráns, posto que carecen dunha idea completa, non son unha proposición e polo tanto, non posúen significado proposicional, pero tampouco estamos tratando con fórmulas. Para definir estas, o diccionario necesita recorrer a introductores como "emprégase para" (significado pragmático) ou "dise cando", "dise de" (significado referencial), mentres que as expresións que estamos estudiando se definen do mesmo xeito ca calquera verbo, isto é, informando do seu significado léxico, que é o tipo de significado que en realidade posúen. Pero entón, ¿estamos tratando con locucións ou con enunciados? Os enunciados son unidades que posúen independencia sintáctica e semántica, pero *chover sobre mollado* ou *haber roupa tendida*, ¿son realmente unidades comunicativas, isto é, actos de fala como o poidan ser *¡por onde vai a ola que vaia a tapadeira!* ou *¡pouca la e polas silveiras!*? Cremos que non, posto que, como sinalamos antes, as unidades que estamos estudiando, aínda que non necesiten combinarse con outros elementos para constituír un acto de fala, deben adaptarse ó discurso mediante a conxugación do verbo e necesitan tamén adopta-la entoación que cumpra, entoación que, no caso dos enunciados fraseolóxicos, vén xa dada: *¡xa será menos!; o meu can pillou unha mosca, ¿cando pillará outra?* Este último aspecto non carece de importancia, posto que, de non telo en conta, poderiamos tamén considerar como enunciados, locucións adverbiais, substantivas ou adxectivas que poden constituír enunciado en por si: *¡de xeòñllos!* ¿Son entón as unidades que estamos estudiando locucións verbais? Cremos que si, e non pode ser mellor mostra disto o feito de que existan verbos (unidades monoverbais) coas mesmas características: *chover* ou *diluviar* non necesitan combinarse con outras unidades para constituír un acto de fala, pero isto non lles nega a súa condición de verbos nin implica que deban ser considerados, nesa formulación abstracta en infinitivo, enunciados. Ademais, as expresións que estamos estudiando poden incorporar no mesmo enunciado elementos do discurso libre, posibilidade moito máis restrinxida para os enunciados fraseolóxicos: *outra vez chove sobre mollado, hoxe non chegará o sangue ó río, *hoxe o meu can pillou unha mosca ¿cando pillará outra?*

De todo o afirmado dedúcese que non consideramos adecuadas as caracterizacións das locucións que aluden á necesidade que estas posúen de combinarse con novas unidades para aparecer no discurso. Cremos que, a fin de delimitar nidiamente locucións e enunciados fraseolóxicos, é preciso partir dun concepto claro do que é un *enunciado*: unha unidade semántica e sintacticamente independente. A posibilidade de aparición dunha expresión sen combinarse con elementos do discurso libre é unha condición sine qua non para falar de enunciado fraseolóxico, pero non é unha condición suficiente. Os enunciados fraseolóxicos son *enunciados* fixos; as locucións, pola contra, non son unidades semántica e sintacticamente independentes, senón expresións pluriverbais equivalentes ás unidades monoverbais que non constitúen enunciado directamente, senón que precisan adopta-los trazos entoativos que cumpran e, con frecuencia, aínda que non necesariamente, combinarse con elementos do discurso libre (e, no caso dos verbos, adaptarse ás circunstancias persoais e modo-temporais que se queren expresar).

4. A FRONTEIRA ENTRE LOCUCIÓNS E ENUNCIADOS. UNHA FRONTEIRA ABERTA

O feito de que a distinción teórica entre locucións e enunciados pareza clara non impide que, á hora de estudiar exemplos concretos, haxa algunhas discrepancias canto á asignación a un ou outro grupo, pero estas xorden das propias características das expresións e non de imprecisións ou solapamentos na fronteira teórica. O que ocorre é que se trata dunha fronteira aberta, o cal permite que as unidades pasen dun ó outro grupo, que existan expresións situadas a medio camiño e que varíe

para os distintos falantes a consideración dunha unidade como locución ou como enunciado. Así, unha das locucións citadas antes, *esta-la sorte botada*, foi orixinariamente un enunciado: *a sorte está botada*, frase pronunciada por César ó decidir pasa-lo Rubicón. Hoxe, algúns diccionarios aínda recollen a expresión como enunciado (*a sorte está botada*) mentres que outros lle dan entrada como locución (*esta-la sorte botada*)[3]. De xeito parello, a unidade *cheirar a can* ('resultar sospeitoso') procede do enunciado *galiña será pero chéirame a can*, co que se expresa desconfianza.

No sentido contrario tamén se atopan algúns exemplos de transvasamento. Trátase de fenómenos de especialización pragmática como consecuencia do uso repetido e exclusivo dunha mesma formulación. Así, poucos diccionarios recollen a locución *para-lo carro*, posto que a maior parte deles dan entrada á fórmula *¡para o carro!* (*Así falan os galegos* ou o *Diccionario Xerais da Lingua*). A locución especializouse no seu uso en imperativo, solicitante de moderación, quedando en desuso empregos noutros tempos verbais: *?parou o carro cando te oíu*. Con todo, os lexicógrafos deben ter coidado á hora de escolle-las entradas do diccionario, posto que se é certo que a expresión citada practicamente só se usa en imperativo, noutros casos a maior frecuencia de emprego cun valor pragmático concreto e nunha formulación concreta, non anula a posibilidade doutras formulacións. O *Diccionario Xerais da Lingua*, por exemplo, dá entrada a formas como *¡cala o bico!* (expresión para mandar calar a alguén) ou *hai zocas alleas debaixo da cama* (frase que se pronuncia para evitar que se fale ante quen non convén facelo), pero aínda que estas sexan as formulacións máis frecuentes, son perfectamente válidos outros tempos verbais: *subórnao para que cale o bico* ou *calei porque había zocas alleas debaixo da cama*.

5. AS LOCUCIÓNS FÓRMULA

Un caso semellante en canto á limitación das posibilidades de formulación das unidades, atopámolo nalgúns diccionarios con expresións doutro tipo. Así, no *Diccionario da Real Academia Galega* recollémo-la unidade, así formulada, *Deus cho pague* (expresión de agradecemento) e no *Diccionario Xerais da Lingua* a unidade *¡seica víche-lo lobo!*, comentario que se lle fai a quen está moi rouco ou chega cos pelos de espeto. Pero tales expresións admiten outras formulacións, como *Deus volo pague*, *Deus llo pague* ou *¡seica víste-lo lobo!*, *¡seica viron o lobo!* Deste xeito, non podemos cualifica-las expresións de enunciados, posto que non están dispoñibles directamente para ser empregadas no discurso, pois necesitan, ben combinarse con elementos do discurso libre (o OI no caso de *Deus cho [llo, volo...] pague*), ben a conxugación do verbo (*¡seica viches,[vistes, viron...] o lobo!*). Se tales expresións non son enunciados, ¿son entón locucións? Si. se entendemos por locución toda unidade fraseolóxica que non é enunciado, isto é, que non ten autonomía sintáctica e semántica. ¿Pero de que tipo de locucións se trata? Parecen locucións verbais, pois, como estas, conteñen un verbo no seu interior, pero a coincidencia é só formal. O certo é que non podemos poñer en paralelo expresións como as que estamos vendo aquí con unidades como *toma-lo pelo* ou *face-la rosca*. A diferencia radica no tipo de significado que unhas e outras encerran. As locucións verbais son semanticamente equivalentes ós verbos, posúen significado léxico (*toma-lo pelo* 'burlarse de [alguén]'), mentres que as unidades que estamos estudiando teñen o significado propio das fórmulas. *Deus cho [llo, volo...] pague* é unha fórmula de agradecemento, para a que non cabe buscar significado léxico, como tampouco cabe buscarllo a *¡gracias!* (usánse para mostrar agradecemento), e *seica viches [vistes, viron...] o lobo* é unha expresión que se lle di a quen está rouco ou ten os pelos de espeto, pero non significa 'estar rouco' ou 'te-los pelos de espeto'. A proba máis evidente deste

[3]A maioría dos diccionarios galegos non recollen a expresión. No caso do castelán, a modo de exemplo, o *Diccionario fraseológico del español moderno*, de Varela e Kubarth, dálle entrada como locución, mentres que o *Diccionario français-espagnol, espagnol-français* de Larousse o fai como enunciado.

feito é a imposibilidade de conxuga-lo verbo en futuro co significado de 'mañá estarás rouco': **mañá vera-lo lobo*.

Unidades do mesmo tipo cás anteriores son *roeulle [che, vos...] a porca os libros*, expresión que necesita combinarse cun OI e que se lles di ós malos estudiantes, *vai [ide, vaia] leva-lo carneiro ó monte*, fórmula de despedida arisca que pode variar na persoa do verbo, ou a mesma *¡para o carro!* que citabamos en 4, a cal pode presentar tamén variación persoal (*¡para [parade, pare] o carro!*).

Tratamos en todos estes casos con fórmulas, pero con fórmulas que non son enunciados, senón locucións. Ó igual que hai enunciados fórmula, hai locucións fórmula. Ser fórmula implica un modo concreto de significar, pero este pode expresarse por dous camiños. Se só queremos subliñar ese modo de significar, falamos de fórmula, se queremos precisar cál é a forma concreta da unidade, falamos de *enunciado fórmula* ou de *locución fórmula*. Cremos, pois, que non é exacto considera-las fórmulas como un tipo de enunciado fraseolóxico, senón como un tipo de unidade fraseolóxica que pode realizarse nun enunciado ou nunha locución.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ARES VÁZQUEZ ET ALII (1986): *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais, 1993[4].

ARNAUD, P.J.L. (1991): «Réflexions sur le proverbe», *Cahiers de Lexicologie*, 59: 5-27.

CORPAS PASTOR, G. (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

GARCÍA, C.; GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (Dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.

GARCÍA-PELAYO, R.; TESTAS, J. (1989): *Larousse moderno*. Français-espagnol, español-francés. Paris: Larousse.

LÓPEZ TABOADA, C.; SOTO ARIAS, M. R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. A Coruña: Galinova.

VARELA, F.; KUBARTH, H. (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos.

ZULUAGA, A. (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankurt: P.D. Lang.